



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DO CONCELLO PLENO CELEBRADA O  
DÍA 28 DE XULLO DO 2016.**

**ASISTENTES:**

**Alcalde-Presidente:**

D. JOSE IGNACIO GOMEZ PEREZ  
(PSOE)

**Concelleiros/as :**

D. RICARDO GONZALEZ AMARO  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. MARIA LOPEZ TOUZA (PSOE)

D. JAVIER IGLESIAS SENDÍN  
(PSOE)

D<sup>a</sup>. NOELIA RODRIGUEZ

TRAVIESO (PSOE)

D. CESAR MANUEL FERNANDEZ  
GIL (PP)

D. MIGUEL GARCIA DOMINGUEZ  
(PP)

D<sup>a</sup> CLARA LOEDA SOTO (PP)

D. CELSO SOTELO BARROSO (PP)

D<sup>a</sup> MARIA LUZ EXPOSITO PEREZ  
(PP)

D. XACOBE GARCIA SOTO (B.N.G.)

D. BRAIS FIDALGO MARTINEZ  
(AGRUPACION DE ELECTORES

RIBEIRO EN COMUN)

D. MANUEL VAZQUEZ LOPEZ  
(CxG-CCTT)

**Secretario Xeral:**

Vicente Soto Rodriguez

**Interventor:**

Vicente Soto Rodríguez

No Salón de sesións da Casa do Concello de Ribadavia, sendo as 18:00 horas do día vinteito de xullo de 2016 reúnese en sesión ordinaria, e en primeira convocatoria, o Concello Pleno, baixo a presidencia do Sr. Alcalde, coa asistencia dos Sres./as. Concelleiros/as relacionados na marxe, actuando como Secretario, Vicente Soto Rodríguez, asistindo o responsable do departamento de Intervención, Vicente Soto Rodríguez.

\*\*\*\*\*



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Comprobada a existencia de quórum suficiente para a válida celebración da sesión, o Sr. Presidente declara aberto o acto e, seguidamente procédese ao análise dos puntos da orde do día.

### **1.-APROBACIÓN DO BORRADOR DA ACTA DA ÚLTIMA SESIÓN CELEBRADA, QUE FOI A DO 30 DE XUÑO PASADO (ORDINARIA).**

Pola Presidencia pregúntase aos asistentes se existe algunha obxección a acta do 30 de xuño de 2016 (ordinaria), ao que se lle respostan negativamente, resultando aprobada por unanimidade dos asistentes.

### **2.- DACIÓN DE CONTA DAS RESOLUCIÓNS DA ALCALDIA DE ACORDO CO EXPEDIENTE QUE SE ACHA NA SESION.-**

De acordo co establecido no artigo 42 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Corporacións Locais, e o artigo 22.2 a) da Lei 7/85 , do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime local, o Concello Pleno queda enterado das resolucións de Alcaldía ditadas dende a sesión anterior, e que se relacionan de seguido:

Do 27 de xuño; unha, sobre aboamentos.

Do 28 de xuño; dúas; unha, sobre ocupación espazo público; unha, sobre aboamentos..

Do 29 de xuño; cinco; dúas, sobre expedición tarxetas estacionamento; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos..

Do 30 de xuño; sete; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre ampliación prazo execución obras; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre eficacia comunicaicón previa obras; unha, sobre ocupación via pública; dúas, sobre aboamentos.

Do 01 de xullo; cinco; unha sobre concesión servizo xantar na casa;; unha, sobre ocupación vía pública; unha, sobre eficacia comunicación previa obras; dúas sobre aboamentos.

Do 02 de xullo, unha, sobre eficacia comunicaciónprevia obras..

Do 04 de xullo, tres; unha, sobre tribunal baremación méritos de capataz e peóns brigada incendios; dúas. sobre aboamentos.

Do 05 de xullo; tres; unha sobre eficacia comunicación previa obras; dúas, sobre aboamentos..

Do 06 de xullo; tres, unha, sobre eficacia comunicación previa obras; unha, sobre ocupación vía pública; unha. sobre aboamentos.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Do 7 de xullo, tres; unha, sobre delegación competencias; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; unha, sobre aboamentos.

Do 8 de xullo, catro; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra; unha, sobre eficacia comunicación previa obra; dúas, sobre aboamentos.

Do 9 de xullo, unha, sobre denegación eficacia comunicación previa obra.

Do 11 de xullo, tres; unha, sobre concesión vacacións; unha, sobre ocupación vía pública., unha sobre aboamentos.

Do 12 de xullo, catro; unha, sobre denegación vado; unha, sobre praza educador/a social; unha, sobre praza traballado/a social; unha, sobre praza auxiliar administrativo.

Do 13 de xullo, sete, catro sobre concesión de vacacións, unha sobre concesión de uso dun local ós grupos municipais, dúas sobre aboamentos e dous decretos da Alcaldía, uns sobre delegacións de competencias e un sobre paralización de obras.

Do 14 de xullo, tres, dúas sobre concesión de vacacións e unha sobre aboamentos.

Do 15 de xullo, dúas, unha sobre aboamentos e unha sobre ampliación prazo para execución de obras..

Do 18 de xullo, dúas, unha sobre aprobación de taxas e unha sobreinscripcións padronais.

Do 19 de xullo, unha, sobre aboamentos..

Do 20 de xullo, unha, sobre aboamentos.

Do 21 de xullo, tres, dúas sobre aboamentos e unha sobre eficacia comunicación previa de obras.

Do 22 de xullo, tres, unha sobre concesión de vacacións, unha sobre aboamentos e outra sobre ampliación de prazo para execución de obras..

Do 26 de xullo, decreto sobre delegación de competencias.

Do 27 de xullo, cinco, unha sobre concesión de vacacións, unha sobre devolución de aval e tres sobre eficacia de comunicación previa de obras.

**3.- APROBACION SE PROCEDE DE EXPEDIENTE DE MODIFICACION DE CREDITOS N° 3/2016.-**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para explicar o contido do expediente de modificación de créditos; dí que Concello acaba de recibir unha subvención para a posta en funcionamento dun Obradoiro de Emprego "A Ribeira", polo que faise necesario unha aportación de 4.023,47 euros. Por iso, propónse o Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

Aprobación de expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 3/2016, por importe de 4.023,47 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reserváanse para o Pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Comun.- Por conseguinte por maioría fica ditaminado favorablemente o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 3/2016".

Intervén o Sr. Vázquez López, para mostrar o apoio do seu grupo o referido expediente de modificación de créditos, xa que dita iniciativa vai a contribuir a creación de postos de traballo.

O Sr. Fidalgo Martínez, manifesta estar a prol da proposta a pesar de que considera os obradoiros de emprego como unha fórmula obsoleta e que é un formato moi mellorable, se ben dí que pode ser bo para os veciños do pobo e da comarca.

O Sr. Garcia Soto, dí que a posta en funcionamento do obradoiro é unha boa medida felicitándose pola participación doutros Concellos.

O Sr. Fernández Gil, sinala que non está de acordo co carácter de obsoleto dos obradoiros de emprego, dí que a traves deles dotase de emprego a colectivos de persoas desfavorecidas (parados de longa duración, con cargas familiares...) e que é positivo que se faga en colaboración con outros Concellos, anunciando o seu voto a prol.

O Sr. Iglesias Sendin, agradece o apoio da Corporación a esta proposta, dí que o obradoiro tocará dúas cuestións sensibles como o medioambiente e os servizos sociais polo que pensa que vai a ser positivo para os Concellos participantes.

De seguido o Sr. Alcalde somete a votación ordinaria a aprobación ou non da devandita proposta, obténdose o seguinte resultado: fica aprobado por unanimidade o expediente de concesión de crédito extraordinario e suplemento de crédito nº 3/2016, por importe de 4.023,47 euros, de acordo co tenor que se acha no expediente.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

#### **4.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL RIBEIRO EN COMUN PARA O ESTABLECEMENTO DUN CONTRATO HOMOLOGADO PARA A UVA DA DENOMINACIÓN DE ORIXE RIBEIRO.**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, sobre o establecemento dun contrato homologado para a uva da denominación de orixe Ribeiro que de seguido transcríbese:" EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

Ribadavia, e o seu concello como capital da comarca do Ribeiro, debe exercer un papel importante referencial tamén no noso sector económico principal como é o do Viño.

Desde o ano 2009, a comarca do Ribeiro está de novo ás portas dunha vendima sen que exista un contrato homologado para a uva recollida baixo a etiqueta da Denominación de Orixe Ribeiro.

Este contrato homologado suporía un marco protector e de estabilidade para moitos viticultores que producen e venden uva, e que todos os anos teñen que batallar prezos e contratos coas diferentes adegas.

Unha parte importante do sector do viño, produtores, asociacións e organizacións agrarias téñense manifestado favorables a este marco regulador entre produtor e comprador. Así mesmo se ten manifestado este mesmo Pleno de Ribadavia e tamén o de doutros concellos da comarca, con diferentes propostas sempre aprobadas a favor dun contrato homologado.

A Consellería de Medio Rural da Xunta de Galicia é a administración competente nesta materia, polo que é quen debe mediar entre todos os actores do sector para convocalos e lograr un acordo estable sobre o prezo da uva Ribeiro baixo un contrato homologado para a vendima 2016.

Por estes motivos o Pleno do Concello de Ribadavia adopta os seguintes ACORDOS:

1. Instar á Consellaría do Medio Rural a convocar aos distintos representantes do sector vitivinícola do Ribeiro, para establecer un novo contrato homologado para a vendima de 2016 e seguintes campañas, partindo da base do contrato vixente ate o ano 2010.

2. Dar traslado do presente acordo aos demais concellos da D.O. Ribeiro, ao Consello Regulador da D.O., á Deputación provincial e á Consellería do Medio Rural".

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: fica ditaminada favorablemente por unanimidade".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para dicir que se trata dunha moción simbólica e clásica neste Concello, xa que se leva presentando ano tras ano; dí que estamos coa vendima enriba e non hai control ningún, atopándose os agricultores nunha situación de



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

indefensión, polo que pensa que esta preocupación hai que trasladala as Administracións Públicas co obxecto de que tomen medidas.

O Sr. Vázquez López, apoia a moción, dí que é importante que se adopte en Ribadavia como capitalidade do Ribeiro sendo o seu obxectivo conseguir mellores prezos para os viticultores.

O Sr. Garcia Soto, sinala que nos atopamos ante unha competencia exclusiva da Xunta de Galicia, sendo o papel do Concello o de recordarlllo, polo cál van a votar a prol da mesma.

O Sr. Fernández Gil, intervén para sinalar que todos estamos de acordo coa filosofía da moción, de que hai que dotar os viticultores de seguridade, xa que nos atopamos na maioría dos casos ante unha segunda actividade que complementa a renda dos nosos veciños; dí que no ano 2013 houbo un acordo de mínimos acordos os que se chegou despois da convocatoria da Mesa do viño. Finaliza a súa intervención dicindo que manteñen o criterio de que todo o que sexa favorable para os nosos veciños eles o van a apoiar.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para manifestar a conformidade coa moción, si ben sinala que non ve intención da Conselleria en solucionar o problema cun contrato homologado sendo este organismo o que ten ferramentas dabondo para impulsalo, sinalando que cando houbo o goberno bipartito na Xunta sé houbo contrato homologado. Finaliza a súa intervención dicindo que hai que abordar outros problemas como o tema da limpeza das fincas e o problema do xabarin.

O Sr. Fidalgo Martínez, suscribe a intervención do Sr. Iglesias Sendin, así como tamén manifesta que non está de acordo con que nos atopemos ante unha segunda actividade, é máis nalgúns caso é o único ingreso das familias.

O Sr. Fernández Gil, recorda as sancions impostas pola Unión Europea motivadas por dita fixación de prezos, polo que hai que tratar de respetar as normas e ve posible a adopción dun acordo de mínimos, sempre respetando a normativa vixente.

O Sr. Iglesias Sendin, intervén para dicir que a Conselleria ten competencias suficientes para fixar prezos e así garantir unha renda mínima os agricultores; finaliza dicindo que este ano suprimiuse unha exención os agricultores no Imposto da Renda o que supón unha nova volta de torca o sector.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

**5.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA AMPLIAR O CONTROL E SUPERVISIÓN DAS OBRAS EN EXECUCIÓN DO CONCELLO DE RIBADAVIA E DA SÚA ADXUDICACIÓN.**



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, para ampliar o control e supervisión das obras en execución do Concello de Ribadavia e da súa adxudicación que de seguido transcríbese:"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: A transparencia é a base necesaria para o control efectivo da actividade municipal e o máximo garante de que a xestión pública se fai conforme a dereito, é dicir, baseándose en criterios obxectivos, de igualdade de oportunidades, de publicidade e sempre coa premisa de protexer os intereses dos veciños e veciñas de Ribadavia.

Por iso é de vital importancia exercer esa mesma vixilancia sobre o cumprimento dos contratos das obras que se estean a executar no Concello.

As demoras dos prazos, as incidencias que poidan xurdir no desenvolvemento dos traballos previstos así como a modificación das partidas económicas que se invisten son aspectos, entre outros, que entendemos deberan ser trasladados periodicamente a toda a Corporación, no seo da Comisión correspondente, no exercicio dunha administración honesta.

Velar pola dilixencia e eficacia das actuacións municipais é unha responsabilidade que non se pode nin debe pospoñer polo que instamos que todos estes mecanismos de inspección se poñan en marcha de xeito inmediato mediante a fórmula que permite a lexislación.

Os Contratos da Administración Local

A lei de carácter básica é a Lei de Contratos das Administracións Públicas, que se marca como obxecto “ proporcionar as garantías de publicidade, igualdade, libre concurrencia, e seguridade xurídica que aseguren aos cidadáns un tratamento común por parte de todas as Administracións”. Correspondendolle ao Presidente da Corporación a contratación de obras e servizos que non superen o 10% dos recursos ordinarios do orzamento.

Moitas veces é necesario mellorar o proceso de contratación pública que reforce o estimulado pola Lei de Contratos das Administracións Públicas, e a implementación na realidade da xestión diaria dos Concellos e demais administracións.

No noso caso, por exemplo, moi poucas veces se opta polo procedemento aberto para a contratación do Concello de Ribadavia, dándose con frecuencia a repetición de empresas beneficiadas.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Habilitar os mecanismos administrativos oportunos que poñan inmediatamente en funcionamento o órgano de apoio aos responsables de cada servizo para avaliar periódicamente a calidade das concesións externalizadas do Concello de Ribadavia.
2. Ampliar ese control e supervisión ás obras contratadas polo goberno local, en prol dunha maior transparencia, como garante de que se cumpren os prazos e a execución das mesmas segundo o acordado en Xunta de Goberno, dando





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

traslado á oposición da información do seu estado, de xeito semestral, na Comisión Municipal correspondente.

3. Se cree ese órgano de apoio, composto por unha parte técnica e outra conformada por un representante de cada grupo municipal, que avalíe e decida en cada situación a forma de adxudicación do contrato público do Concello de Ribadavia: Procedementos aberto, restrinxido, ou negociado, segundo estipule a lei, e tamén si debe ser por subasta ou por concurso".

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, un (Agrupación de Electores Ribero en Común); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E, P.P., B.N.G. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Fidalgo Martínez, para explicar a proposta relacionando de seguido os acordos propostos; dí que unha das finalidades e a creación dunha comisión de seguimento dos contratos e o establecemento das pautas dos diversos procesos de licitación.

O Sr. Vázquez López, dí que lle parece razoable o proposto, son medidas que se poden levar a cabo se ben tamén sinala que a propia lei de contratos é a que regula ditos procedementos polo que haberá que axustarse o réxime de competencias que establece.

O Sr. Garcia Soto, reitera o sinalado polos anteriores intervintes manifestando o seu voto a prol da proposta.

O Sr. Fernández Gil, sinala que o primeiro punto de acordo xa foi proposto polo seu grupo nunha moción presentada en febreiro de 2013, aprobada por unanimidade se ben sinala que a data de hoxe non se executou; en canto os outros puntos propostos parecenlle razoables sempre que se suxeiten a lei.

O Sr. Iglesias Sendín, dí que todo o que sexa constructivo parcelle positivo; dí que o Concello axustase esrupulosamente a lei, e máis non están a utilizar a formula dos contratos menores co obxecto de que varias empresas poidan optar os contratos; finaliza dicíndolle o Sr. Fernández Gil que traslade esta proposta a outras administracións, anunciando a abstención do seu grupo.

O Sr. Fidalgo Martínez, sinala que na moción foi escrupuloso e así nada dí de que o Concello non cumpla a lei, e máis entende que se está a cumprir, se ben pensa que os procedementos se poden mellorar e esta é a idea da proposta, sempre como non podía ser doutro modo respetando a lei.

O Sr. Fernández Gil, por alusión, di que presenta as proposta nos organismo dos que forma parte.





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

O Sr. Alcalde, sinala que o seu grupo vaise a abster non porque non este de acordo coa proposta, senon polo feito de que en materia de contratación de obras e persoal ó Concello é transparente e de feito os concelleiros poden asistir as aperturas de ofertas na Mesa de Contratación, órgano enminutamente técnico; en canto o Sr. Fernández Gil dille que dende o posto que ocupa si pode presentar iniciativas ou propostas no ámbito que estamos falando.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, sete (P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); abstencións, seis (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

## **6.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DOS ESTATUTOS DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Deportes de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta dunha modificación dos Estatutos do Consello Municipal de Deportes que constan no expediente, polo que propónse os membros da comisión a adopción do seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- A aprobación inicial da modificación dos Estatutos do Consello Municipal de Deportes do Concello de Ribadavia.*

*SEGUNDO.- A exposición pública de dito acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para a presentación de reclamacións polos interesados nos trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións, o mesmo quedará aprobado definitivamente sen necesidade dun novo acordo plenario”.*

De seguido sométese a votación o ditamen da modificación dos referidos Estatutos obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E., Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.P. e B.N.G..- Por conseguinte por maioría absoluta fican ditaminados favorablemente.

Intervén o Sr. Vázquez López para mostrar a súa conformidade con modificación xa que foi consensuada por todos os grupos no Consello Municipal.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que este órgano vai a contribuir dunha maneira positiva nas actividades deportivas do Concello; tratase dun órgano mixto (representantes políticos e entidades deportivas), surxe con motivo dunha moción do seu grupo e será importante a hora da posta en marcha das escolas deportivas municipais.



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

O Sr. Garcia Soto, dí que a proposta de modificación dos estatutos e regulamento sae dunha moción aprobada polo Pleno e con esto o que se trata é dun mellor funcionamento das instalacións e actividades deportivas.

O Sr. Fernández Gil, anuncia a abstención do seu grupo xa que como dixo no pleno da súa creación non cree no funcionamento deste tipo de órganos.

O Sr. Iglesias Sendín, sinala que este órgano foi creado pola anterior Corporación e o que agora o que se fai e modificar os seus Estatutos, indicando que pensa que contribuirá a un mellor funcionamento do servicio.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida modificación dos Estatutos.

## **7.- APROBACION, SE PROCEDE, DA MODIFICACION DO REGULAMENTO DO CONSELLO MUNICIPAL DE DEPORTES.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Deportes de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" Intervén o Sr. Presidente da Comisión para dar conta dunha modificación do Regulamento do Consello Municipal de Deportes que constan no expediente, polo que proponse os membros da comisión a adopción do seguinte acordo:

*“PRIMEIRO.- A aprobación inicial da modificación do Regulamento de funcionamento do Consello Municipal de Deportes.*

*SEGUNDO.- A exposición pública de dito acordo de aprobación inicial no Boletín Oficial da Provincia e no taboleiro de anuncios do Concello para a presentación de reclamacións polos interesados nos trinta días a partir da publicación no diario oficial da provincia. No suposto de non presentarse reclamacións ou alegacións, o mesmo quedará aprobado definitivamente sen necesidade dun novo acordo plenario”.*

De seguido sométese a votación o ditamen da modificación do referido Regulamento obténdose o seguinte resultado: votos a prol, catro (P.S.O.E.,Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes e Agrupación de Electores Ribeiro en Común); reservanse para o Pleno os membros do P.P. e B.N.G..- Por conseguinte por maioría absoluta fica ditaminado favorablemente".

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións,



Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia

cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida modificación do Regulamento.

## **8.- FESTIVOS LOCAIS 2017.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Cultura de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" Pola Presidencia dáse conta do escrito da Xefatura Territorial do Servicio de Traballo e Economía Social, con entrada no rexistro xeral do Concello o día 14 de xuño de 2016, no que se comunica ao Concello que debe proceder a elaborar a proposta do Pleno das dúas festas locais para o ano 2017, conforme o previsto no artigo 37.2 do Estatuto dos Traballadores, debendo remitir a mesma á Delegación antes do 30 de setembro do 2016.

De seguido, o Sra. López Touza, propón como festivos locais os días 8 de setembro e o 28 de Febreiro (martes de Entroido).

Sen máis, pásase a votación, resultando ditaminada favorablemente, cos votos a prol dos membros do P.S.O.E. e Compromiso por Galicia e a reserva para o Pleno dos membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o seguinte acordo:

***“Primeiro.- Proponer a fixación como días festivos locais do día 8 de setembro e o 28 de febreiro ( Martes de Entroido).***

***Segundo.- Remitir a proposta a Xefatura Territorial do Servicio de Traballo e Economía Social .”***

Os voceiros dos grupos municipais do B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso en Galicia-Concellos Transparentes mostran a súa conformidade coa proposta o non haber outras alternativas.

O Sr. Fernández Gil, voceiro do P.P., anuncia a abstención do seu grupo xa que pensa que haberá que buscar unha alternativa para o martes de Entroido.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: votos a prol, oito (P.S.O.E., B.N.G., Agrupación de Electores Ribeiro en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); abstencións, cinco (P.P.).- Por conseguinte por maioría absoluta fica aprobada a referida proposta.

## **9.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA CREAR UN PARQUE ÁREA DE SERVIZO DE AUTOCARAVANAS NO CONCELLO DE RIBADAVIA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Medio Ambiente de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal da Agrupación de



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Electores Ribeiro en Común, para crear un parque area de servizo de autocaravanas no Concello de Ribadavia que de seguido transcríbese:" EXPOSICIÓN DE MOTIVOS:

O turismo é unha actividade importante no noso Concello e sen embargo moitos aspectos relacionados con el atópanse sen a atención necesaria.

Os datos estatísticos amósannos que o turismo en autocaravana é cada vez maior, sendo un formato de viaxe cada vez máis estendida.

Na comarca do Ribeiro e no seu entorno non dispoñen de ningunha zona para darlle servizo a este tipo de viaxeiros. Cartelle, Pontedeva, Amoeiro ou Ourense son as zonas máis próximas que dispoñen deste servizo.

A súa instalación suporía un pequeno custe de investimento, e a cambio poría a Ribadavia no mapa de autocaravanistas nacionais e internacionais que viaxan por toda a Península ibérica, e aos que a día de hoxe non chegamos. Cando estes visitantes pasan por Ribadavia, ou continúan o camiño ou pernoctan de maneira moi precaria.

O obxectivo desta moción é reforzar a actividade turística no noso Concello dunha maneira sinxela e con investimento de poucos recursos.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:

1. Creación dun parque de autocaravanas no noso Concello que estea en funcionamento , como máis tardar, para vindeira tempada estival.

2. A elaboración do proxecto debe facerse axustándose ás necesidades e os recursos existentes no noso Concello, para abaratar os custes e favorecer o aproveitamento dos recursos xa existentes. Na mesma deben participar e colaborar, como mínimo, o servizo municipal de turismo e a oficina municipal de arquitectura.

3. Este parque debe constar como mínimo de servizo de auga, baleirado de wc e augas usadas, electricidade e carga eléctrica.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, dous (B.N.G. e Agrupación de Electores Ribero en Común); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E, P.P. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr.Fidalgo Martínez, para facer un resumo da proposta presentada, explica a motivación da mesma e conclúe que unha boa alternativa podria ser o campo da feira xa que esta cerca do centro neurálxico do pobo.

O Sr. Vázquez López, manifesta que é unha proposta que ia no seu programa electoral polo que vai a votar a prol da mesma; en canto a ubicación dí que haberá que esperar a que este aprobado o P.X.O.M e ver que espazos dotacionais hai.

O Sr. Garcia Soto, sinala que estamos a falar dun tema que ten moito auxe, en moitos Concellos estanse a adoptar medidas parecidas polo que a medida parecele positiva.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

O Sr. Fernández Gil, pensa que é unha boa medida para atraer turistas a nosa vila sobre todo se temos en conta as dificultades para captar turismo que permaneza na Vila. Finaliza dicindo que será beneficiosos para Ribadavia dada a escasez doutro tipo de infraestructuras turísticas.

O Sr. Iglesias Sendin, dí que a iniciativa será beneficiosa para Ribadavia; continúa a dicir que tiña entendido que detrás deste proxecto estaba a iniciativa privada se ben pensa que é bo que ditas iniciativas canalicense polas Administración Públicas; en canto a ubicación haberá que consultalo cos servizos urbanísticos do Concello.

O Sr. Fidalgo Martínez puntualiza que no punto 2º do acordo falase da presenza do técnico de turismo e do servizo de arquitectura co obxecto de buscar a ubicación máis axeitada, di que non estamos a falar dun camping, indicando que hai normativa o respecto que regula ditas actividades.

O Sr. Garcia Soto quere facer fincapé nas potencialidades de Ribadavia para a posta en funcionamento deste servizo.

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

#### **10.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DE RIBEIRO EN COMÚN PARA QUE O CONCELLO DE RIBADAVIA FAGA UN PLAN DE MELLORA DO CASCO HISTÓRICO DE RIBADAVIA.-**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Medio Ambiente de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido a Sra. Presidenta da Comisión da conta dunha proposta do grupo municipal da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, para que o Concello de Ribadavia faga un plan de mellora do casco histórico de Ribadavia que de seguido transcríbese:"EXPOSICIÓN DE MOTIVOS: O casco histórico de Ribadavia é un dos principais reclamos para os nosos visitantes, sen embargo o seu estado é moi mellorable. O seu mantemento e conservación, a limpeza e coidado son algúns das tarefas que hai que reforzar.

O noso grupo ven reclamando en cada sesión plenaria propostas concretas de mellora e arranxo de diferentes zonas do noso casco histórico.

Un casco histórico vivo e con vida. Vivendas e baixos con potencial de local comercial. Zonas estratéxicas. Entendemos que cando menos, as zonas intervidas deberan ser: A porta nova. Mirador Madalena e parque Robla. Accesos ao río Avia (3) e tramo de paseo desde a ponte de San Francisco até a pasarela da Foz. Entorno da pasarela da Foz. Praza de San Xoán. Praza da Madalena. Entorno da Igrexa de Santiago.

Por estes motivos propomos ao Pleno do Concello de Ribadavia a adopción dos seguintes ACORDOS:



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

1.-Elaboración dun Plan de intervención para a mellora da imaxe e coidado do casco histórico.

2.-Implementar medidas Administrativas e fiscais no seguinte exercicio fiscal para revitalizar o casco histórico, facendo del unha zona de Ribadavia viva, dinamizando a súa habitabilidade e a oferta de vivenda e locais comerciais.

De seguido sometese a votación ordinaria a proposta presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (B.N.G., Agrupación de Electores Ribero en Común e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.S.O.E e P.P.. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente."

Intervén o Sr.Fidalgo Martínez, para sinalar que dita proposta trae causa de diversas moción presentadas polo seu grupo o longo da legislatura; da conta de filosofía da proposta, das zonas estratéxicas a potenciar no casco histórico, destacando a importancia de ubicar un albergue xuvenil no casco histórico, xa que ditas actividades contribuen a darlle vida o entorno.

O Sr. Vázquez López, sinala que a proposta incardinase coa filosofía de diversas proposta presentadas polo seu grupo co obxecto de potenciar o casco histórico polo vai votar a prol a proposta presentada.

O Sr. Garcia Soto, sinala que o casco histórico esta infravalorado polas administración e polos propios veciños polo que entende que hai que darlle un impulso.

O Sr. Fernández Gil, da conta que no seu programa electoral figuraba como medida a elaboración dun plan director do casco histórico polo que está a prol da proposta; destaca a colaboración da Xunta do derradeiro ano o establecer diveras liñas de subvencións para rehabilitacións de vivendas, indicando que teme que a proposta aprobese e despois non se execute como outras moitas.

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para sinalar que non está de acordo co manifestado polo Sr. Fernández Gil, no senso da colaboración da Administración autonómica senon máis ben todo o contrario, xa que as axudas das que fala son para accións xa executadas e que no seu día quedaron sen subvencións debido os recortes; recordalle o Sr. Fernández Gil onde estan as subvencións para infraestructuras públicas, indicando que a Xunta o único que fixo foi frear as inversións en Ribadavia e tamén en San Cristovo. Finaliza a súa intervención comprometéndose a elaborar un proxecto das actuacións que se fixan como estratéxicas co obxecto de buscar financiación noutras administracións.

Intervén o Sr. Alcalde, para dicir que está de acordo en facer un plan, se ben sen colaboración doutras administración pouco se pode facer. Finaliza corroborando o manifestado polo Sr. Iglesias Sendin en canto a falta de inversión da Xunta de Galicia.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

De seguido sométese a votación ordinaria a proposta transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

### **11.- PROPOSTA DO GRUPO MUNICIPAL DO P.SdeG.PSOE SOBRE A APERTURA MUSEO DO VIÑO DE GALICIA EN RIBADAVIA (RECTORAL SANTO ANDRÉ).**

Dase conta polo Secretario do dictamen da Comisión Informativa de Facenda e Obras de data 21 de xullo de 2016, co seguinte tenor literal:" De seguido o Sr. Presidente da Comisión, na súa calidade de voceiro do grupo municipal do P.SdeG-PSOE, fai a presentación da seguinte moción de urxencia:"**EXPOSICIÓN DE MOTIVOS.-**

A Reitoral de Santo André de Camporredondo forma un conxunto único do barroco galego que contén ademais unha adega abovedada singular.

O conxunto foi cedido ó concello de Ribadavia a través dun convenio co Bispado de Ourense para ubicar nel o Museo do Viño de Galicia.

A restauración do edificio iniciouse con múltiples colaboracións públicas sendo decisiva a actuación da primeira "Escola-Taller" da provincia xa en 1988.Outras actuacións continuaron a rehabilitación dos edificios.

A Xunta de Galicia ,que xestiona o Museo Etnolóxico de Ribadavia,responsabilizouse a partir de 1995 dos traballos do proxecto museístico e demais actuacións necesarias para a súa apertura e xestión.

Dende entón, foron moitas as visitas e compromisos pero non se teñen concretado as accións para a apertura destas instalacións despois de 29 anos nos que se iniciou este proxecto.

É preocupante a falta de accións nas pasadas dúas lexislaturas por parte da Consellería de Cultura.

O inicio deste mandato foi a Deputación quén se ofreceu a participar nos últimos traballos necesarios para abrir dunha vez o Museo ofrecendo a colaboración a Consellería de Cultura para elo.

Polo tempo transcorrido parece que tampouco se ve próximo a apertura das instalacións.

Polo exposto, o Grupo Socialista presenta a seguinte Proposta de Acordo:

O Pleno do Concello de Ribadavia acorda esixir á Xunta de Galicia e a Deputación Provincial de Ourense, que con urxencia se tomen as medidas necesarias





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

para a apertura inmediata do Museo dos Viños de Galicia na Reitoral de Santo André de Comporredondo en Ribadavia para cumprir os compromisos adquiridos.

De seguido sometese a votación a urxencia da moción presentada obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

De seguido sometese a votación ordinaria a moción presentada obténdose o seguinte resultado: votos a prol, tres (P.S.O.E. e Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes); reservanse para o pleno os membros do P.P., B.N.G. e Agrupación de Electores Ribeiro en Común. Por conseguinte por maioría fica ditaminada favorablemente".

Intervén o Sr. Iglesias Sendin, para sinalar que estamos ante unha moción reiterada no plenario; dí que estamos a falar dunha infraestrutura que se leva anunciando dende fai anos e no derradeiro ano dixose que neste verán estaría aberta a a data de hoxe non sabemos nada, motivo polo que o seu grupo presenta a moción.

O Sr. Vázquez López, manifesta a súa conformidade coa proposta, xa que se trata dunha vella reivindicación e que afecta a un edificio emblemático.

O Sr. Fidalgo Martínez, dí que estamos ante un claro exemplo de actuación partidista dunha administración; dí que o proxecto data de finais do ano 89 e a data de hoxe esta sen poñer a funcionar, indicando que o P.P. non estivo a altura neste tema. Finaliza dicindo que a moción está suficientemente xustificada polo que van a votar a prol.

O Sr. Garcia Soto, recorda que fai un ano dixose que se ía a inaugurar e a data de hoxe segue igual, sen darlle o destino para o cál foi pensada.

O Sr. Fernández Gil, sinala que é certo que a situación levase dilatando moito no tempo, dí que dende fai un ano se levan dando pasos e así en vindeiras datas sairá a licitación o proxecto museístico para acto seguido formalizar un convenio entre Xunta e Deputación para a xestión do espazo por este último organismo, polo que espera que en breve se poida aperturar.

Intervén o Sr. Alcalde para recordarlle que o Sr. Fernández Gil e membros do P.P. dixeran que o inmovible se inauguraría no ano 2016, cuestión que está nas hemerotecas, constalle que na Deputación Provincial non hai nada feito e recorda que o único que invertiu no inmovible nos derradeiros anos foi o goberno bipartito.

De seguido sométese a votación ordinaria a moción transcrita, obténdose o seguinte resultado: fica aprobada por unanimidade.

## **12.-MOCIÓN, ROGOS E PREGUNTAS QUE SE FORMULEN REGULAMENTARIAMENTE.-**

Non hai mocións de urxencia.-



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

### **ROGOS E PREGUNTAS.-**

De seguido o Sr. Alcalde procede a responder as preguntas formuladas en tempo e forma por escrito.

**Polo concelleiro da Agrupación de Electores Ribeiro en Común, o Sr. Fidalgo Martínez fórmulanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Limpeza integral do patio de acceso ao xulgado e ao Castelo (patio, escaleiras, e soportal).

**2º ROGO.-** Arranxo de Lousas rotas á altura da rúa extramuros- parque robla.

**3º ROGO.-** Para que nas Resolucións de Alcaldía de Recoñecemento de Obrigas", se especifiquen máis detalladamente os conceptos, co obxectivo de facilitar a labor de control e seguimento por parte dos concelleiros/as da oposición.

**4º ROGO.-** Reiteramos solicitude de paso de Peóns entre a rúa Avenida de Redondela e rúa Eladio Rodríguez . Pregunta: Iniciouse o proceso para a súa instalación?

Resposta o Sr. Alcalde: Non se inicio, indicando que tratará de abordar o tema dos pasos de peóns no seu conxunto.

**5º ROGO.-** Así mesmo, solicitamos a sinalización na estrada da Foz, do paso de peóns que neste momento non existe.

**6º ROGO.-** En relación á solicitude feita para o entorno da capela de San Xés, volvemos solicitar que se mellorara a sinalización e panel informativo da capela de S.Xes, así como a colocación dunha papeleira no seu entorno, e a substitución da farola existente (inclinada e en mal estado) na parte de atrás por unha máis de acorde co entorno. Así mesmo, se proceda a limpeza da cristaleira.

**7º ROGO.-** Despois da acción de arranxo e mellora no camiño do río Avia e Miño por parte do Concello, Unha vez máis continuamos a solicitar que se Tomen medidas de protección no tramo desde a Veronza e a desembocadura no río Miño, como en reiteradas ocasións o noso Grupo xa ten solicitado, tamén no Pleno pasado. O obxectivo é evitar o seu deterioro por culpa do tránsito excesivo de coches, pois no pasado, en tramos onde non existiu desborde do río, foi igualmente danado.

**8º ROGO.-** Volvemos a Solicitar que se proceda ao selado de seguridade na rede de tubaxe- pozo existente no socalco inferior do parque Robla á altura do camiño que vai á pasarela da Foz. Este pozo- tubaxe atopase tapado moi precariamente e sen medidas de seguridade, supoñendo un foco de perigo para nenos/as.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**9º ROGO.-** Solicitamos de novo limpeza da zona arredor do antigo matadoiro e a ponte de ferro do ferrocarril (Rúa Vendaval), por atoparse esta en mal estado e de suciedade. Solicitamos se proceda tamén a limpeza da sinal de entrada en Ribadavia nesta rúa.

Solicitamos a limpeza- substitución da sinalización de estrada do Concello de Ribadavia, alí onde sexa preciso.

**10º ROGO.-**Solicitamos de novo a limpeza da fachada e parte superior da entrada ao cemiterio municipal, así como a recollida de “contenedores” e outros materiais acumulados na entrada. Solicitamos que se indique no letreiro de entrada ao mesmo, a ampliación do horario de apertura , no período de cambio do fuso horario, ou cando menos de maio a setembro incluídos, que segundo resposta no Pleno anterior se nos afirmou que estaba en funcionamento ata as 21h.

**11º ROGO.-**Solicitamos a limpeza da parte traseira do cemiterio municipal así como do Campo da feira. Neste parque están ubicadas un grupo de pedras e restos de obras, Solicitamos a súa retirada para unha ubicación máis apropiada.

**12º ROGO.-** Temos constancia de que no noso termo municipal a Deputación provincial fixo labores de mantemento /limpeza empregando Glifosato, na estrada que une Valdepereira con Santo André. Solicitamos que se lle notifique desde o Concello á Deputación provincial, que no noso termo municipal non empregue dita sustancia nin outras que non sexan respectuosas co medioambiente.

**13º ROGO.-** De novo Propomos que desde o Concello se fagan as xestións necesarias para a retirada de árbores secas presentes no río Avia e Miño ao seu paso polo noso termo municipal, así como melloras na drenaxe do río Avia entre a pasarela da Foz e a desembocadura no Miño. Propomos se lle traslade esta solicitude á Confederación Hidrográfica Miño-Sil.

**14º ROGO.-** Rogaría a instalación de pasos elevados no tramo entre a capela de San Lázaro e o cemiterio municipal. Instalación de “bolardos” que impidan o estacionamento no cemiterio. Instalación dunha barreira ou a reconstrución do muro caído neste mesmo tramo sinalado.

**15º ROGO.-** Mellora na Sinalización termal. Trasladar á autoridade responsable que na autovía Santiago-Ourense, así como na estrada que une a saída do Carballiño desta autovía ate Ribadavia, se mellore a sinalización termal incluíndo a “Vila Termal Ribadavia- Prexigueiro”, xa que na mesma está ausente.

**1ª PREGUNTA.-** En relación coa Notificación recibida no 11 de maio neste concello sobre o tramite do PXOM de Ribadavia, preguntamos: 1º, por qué non se remitiron ao órgano autonómico as Alegacións presentadas durante o trámite de información pública, tal e como agora requiren desde a Xunta de Galicia? 2º, Foron



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

remitidas xa ao órgano autonómico estas Alegacións de cidadás de Ribadavia afectados por este Plan urbanístico?.

Resposta o Sr. Alcalde: Ata agora non se requeria esa información, de feito no documento existe un apartado de participación veciñal no que consta a relación das alegacións presentadas. En canto a súa remisión farase conxuntamente co resto da documentación solicitada.

**2ª PREGUNTA.-** En relación coa Moción aprobada por este Pleno sobre a homenaxe ao derradeiro alcalde Republicano de Ribadavia e ás republicanas ribadavienses, queremos saber cal é o estado da homenaxe aprobada, recordando que o vindeiro 20 de xullo non foi feita dita homenaxe pola institución municipal coa instalación de placas conmemorativas.

Resposta o Sr. Alcalde: O primeiro que haberá que facer é averiguar cando é o aniversario xa que existes dúbidas sobre a data. Indica que a placa está encargada e que o acto farese nunha data consensuada por todos e sempre que non coincida con outros eventos para non desvirtualo.

**3ª PREGUNTA.-** En relación coa Resolución de Alcaldía con data de 20 de xullo de 2016, na cal se recoñecen as seguintes obrigas:

- AOPIL SL, co concepto "traballos de instalación eléctrica no entorno da Pasarela da Foz", por importe de 1.620,43 euros.

Pregunta: a que traballos se refire, xa que non é visible, nin perceptible ningún traballo no entorno citado da Pasarela da Foz?

- Instalacións Amando SL "Suministro material eléctrico feira do viño 2016" por importe de 3.174,85 euros.

Por orde o Sr. Alcalde resposta o concelleiro Don Javier Iglesias Sendin: A da pasarela da Foz refírese a actuacións que se fixeron a maiores cando se construiu a pasarela, actuacións que non estaban no proxecto e supuxeron unha mellora; en canto a do subministro para a feira do viño, di que o material existente foi roubado polo que houbo que mercar outro, dí que estamos a espera de pechar o orzamento e estamos pendentes da confirmación de subvencións, nese caso tratarase de imputar a partida da feira e no caso contrario haberá imputala a subministro eléctrico e facer unha ampliación de crédito existente.

**4ª PREGUNTA.-** Por que este gasto non aparece recollido no orzamento de gasto presentado aos grupos municipais sobre a Feira do Viño 2016?

Resposta o Sr. Alcalde: Respostase co sinalado na anterior pregunta.

**Polo concelleiro de Compromiso por Galicia-Concellos Transparentes, o Sr. Vázquez López fórmulase o seguinte rogo:**



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

**ROGO.** Reitera o xa manifestado noutros plenos, en canto que se proceda a reparar as fontes existentes no municipio así como a retirada dos letreiros informativos.

De seguido felicita o concelleiro pola limpeza que se fixo na fachada da igrexa de San Xoan.

**Polo concelleiro do B.N.G., o Sr. Garcia Soto formúlanse os seguintes rogos e preguntas:**

**1º. ROGO.-** Que se inste a administración competente para que proceda o arranxo da fochanca que hai na estrada a altura de San Cristovo.

**2º ROGO.-** Que se coloquen algún indicador máis de xeito que se sinalice o casco histórico de Ribadavia e a igrexa de San Xes en Francelos.

**1ª PREGUNTA.-** En relación coa moción aprobada neste Pleno para a homenaxe ao derradeiro alcalde Republicano de Ribadavia, interesalle saber que xestións se fixeron cos institutos e sobre a denominación da ponte da memoria o que une Ribadavia con Castrelo.

Resposta o Sr. Alcalde: Fixéronse xestión e de feito estivo en contacto co historiador Don José Ramon Pousa o cal esta disposto a dar unha charla sobre o tema.

**2ª PREGUNTA.-** Interesalle saber se se implementou algunha medida das suxeridas polo técnico de turismo en canto o aparcamento de autobuses.

Resposta o Sr. Alcalde: Temos presentado un proxecto na Xunta que aborda este tema e esperamos que se nos conceda a subvención.

**3ª PREGUNTA.-** Na rúa Eduardo Chao hai un problema co aparcamento xa que ocupa un carril e está a causar perigo o tráfico que circula pola zona, polo que pregunta se se vai a adoptara algunha medida.

Resposta o Sr. Alcalde: E certo que hai un problema se ben haberá que consensuar unha solución con veciños da zona.

**Polo concelleiro do P.P., o Sr. Fernández Gil formúlanse os seguintes rogos:**

**1º. ROGO.-** O pasado 25 de febreiro aprobouse unha moción para facer un paso de peons nas confluencias das rúas Otero Pedrayo-Martínez Vázquez, dixose que se ia a



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

pedir un informe a policía local e ata agora non se executou o acordo, polo que se solicita que se faga.

**2º ROGO.-** Os taxistas de Ribadavia teñen presentado un escrito relativo o cambio de ubicación, polo que solicita que se lles conteste ou se teña unha reunión con eles. Di que ademais teñen solicitado a retirada da cabina de teléfono ante o inminente comenzo dunha obra.

**3º ROGO.-** Reitera o rogo de que se coloque adecuadamente o cartel sito no camiño do río Avia cara San Cristovo xa que se atopa o revés.

Resposta o Sr. Alcalde para sinalar que xa se deu conta a empresa para que o faga.

**Polo concelleiro do P.P., o Sr. Sotelo Barroso formúlanse os seguinte rogos e preguntas:**

**1º ROGO.-** Que se proceda a cortar os árbores secos existentes na zona da Veronza e na área recreativa de Francelos.

Resposta o Alcalde para dicir que na Veronza debe ser a Confederación Hidrográfica; en canto os de Francelos dí que mirará o que se pode facer.

**2º ROGO.-** O lado do foso do Castelo hai unha arqueta que bota mal olor o auditorio polo que pide a súa reparación.

**3º ROGO.-** Datas pasadas solicitou a convocatoria dunha comisión de tráfico para tratar a problemática existente na Vila e unha posible modificación da ordenanza de circulación polo que pide a súa convocatoria.

**1ª PREGUNTA.-** En relación co nomeamento do auditorio da Casa de Cultura como "Manuel María", pregunta se non ten que haber un acordo do pleno para facelo.

Resposta o Sr. Alcalde: Consta acordo plenario ante unha moción presentada polo B.N.G.

**2ª PREGUNTA.-** Que se pensa facer cos colectores que hai o lado da praza de abastos.

Resposta o Sr. Alcalde: Solo hai dúas solucións, ou sellalos ou cambiar o uso deles.

**3ª PREGUNTA.-** Interesa saber se se notificou o propietario do pino seco sito na rúa Muñoz Calero.



*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*

Resposta o Sr. Alcalde indicando que nestes intres decoñeceu se ben fara as av  
averiguacións oportunas.

Concluído o anterior, ás nove menos cuarto da noite, non sendo outro o obxecto  
da convocatoria, pola Presidencia rematouse a sesión no lugar e data ao principio  
senalados, estendéndose a presente acta, de todo o que, como Secretario, dou fe.

O ALCALDE,

O SECRETARIO,





*Ilmo. Concello  
de  
Ribadavia*